

Sendo as trece horas do día 19 de outubro de 2007, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello de A Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- D^a Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira delegada de Persoal, como Presidenta
- D. Juan Manuel Díaz Villoslada, Director de Servizos Xerais, Facenda e Interior, que comparece unha vez iniciada a sesión.
- D. Ramón Vilas de Escauriaza, Xefe de Departamento de Planificación.
- D. Jose Antonio Sánchez Ríos, Xefe de Sección de Administración de Persoal.
- D^a Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- D^a Marina Lorenzo Fernandez (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. Carlos Silva Perez (UGT)

Como asesores

- D. Jesús Ricoy Riego (CC.OO)
- D. Javier Hermida Gayubas (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Por parte da Sra. Presidenta declárase aberta a sesión. En primeiro lugar, hai que fai constar que a convocatoria desta mesa se realizou, por escrito, para o día 18 de outubro de 2007, á mesma hora, pero tivo que ser cambiada por razóns de axenda do sindicato CIG, para o día de hoxe. Preséntase a acta da sesión celebrada o día 8 de outubro de 2007, entregándose a cada unha das representacións sindicais copia asinada ambas as dúas partes presentes na Mesa de Negociación.

Por parte da Sra. Presidenta procédese a iniciar a orde do día. Decídese pasar ao punto da orde do día relativo á Oferta de Emprego Público e Convocatoria Unitaria correspondente ao ano 2007. Neste momento, por parte da secretaria, faise entrega a cada representación sindical dunha copia da Convocatoria Unitaria para a provisión de prazas de persoal funcionario e laboral do Concello de A Coruña para o ano 2007. Así mesmo, D^a Lorena Abad Carrera procede a explicar as modificacións da convocatoria con respecto á do ano 2006, destacando que nela se recollen todas as novidades que introduciron tanto o Estatuto Básico do Empregado Público como a modificación da Lei de Función Pública de Galicia.

O representante da CIG, D. Roberto Tizón Miguens formula dúas cuestións en relación á convocatoria unitaria:

- En relación coa composición dos tribunais, que a designación dos seus membros, salvo o secretario e o vogal designado pola Xunta de Galicia, sexa a través dun sorteo.
- En relación coas probas relacionadas coas competencias da praza a seleccionar, que se concrete máis o tipo de proba a realizar.

En canto á primeira proposta formulada polo representante de CIG, D^a Obdulia Taboadela responde que é un tema que debe quedar pendente posto que o Presidente do Tribunal debe ser alguén que coñeza as características da praza en cuestión que se vaia seleccionar e por iso non debe quedar suxeito a un sorteo. Por outra banda, manifesta que a vixencia desta convocatoria é limitada.

Así mesmo e en relación ao mesmo tema, D. Manuel Aceña Liste aclara que o sistema de sorteo non debería de afectar aos vogais que propón en cada caso a Xunta de Persoal e que se trata dun tema que se debería de discutir e analizar no seo da Xunta, pois lles estaría a quitar un dereito que os recoñece a lei.

Seguidamente, procédese a abordar o punto da Oferta de Emprego Público do ano 2008. D. Ramon Vilas de Escauriaza fai entrega aos representantes sindicais do documento que consiste en dous anexos:

- Anexo I: Recolle aquelas prazas da Oferta de Emprego Público de 2006 que quedaron sen convocar.
- Anexo II: Recolle a Oferta de Emprego Público de 2007, que refunde as correspondentes á Oferta de 2006 coas novas de 2007.

Por parte de D. Roberto Tizón Miguens formúlanse dúas cuestións en relación á oferta de emprego público:

- En canto ás prazas de Axudantes de Servizos encravadas dentro da selección de Persoal Laboral, formula a posibilidade de clasificalas como Agrupacións Profesionais e non como grupo 5, que é como se recollen agora. O representante sindical formula esta posibilidade xa que no Estatuto Básico do Empregado Público a categoría Agrupación Profesional non aparece moi definida solo como persoal funcionario, e que polo que parece esta agrupación tende a converterse toda ela en persoal laboral.

Ante esta proposta, D. Juan Manuel Diaz Villoslada contesta que é lóxico pero que iso implicaría a modificación do Convenio Colectivo. Unha vez axustado o Convenio Colectivo neste sentido, poderíase facer o cambio. No mesmo sentido, pronúnciase o representante de UGT.

- Por outro lado, pregunta porque non hai na oferta prazas de bombeiros, porque non se cobren siquera as xubilacións. D. Juan Manuel Diaz Villoslada contesta que non se incluíron prazas de bombeiros posto que se está á espera do resultado da comarcalización do Parque de Bombeiros e non se sabe o número de efectivos novos, aparte das xubilacións, que se poida necesitar. D. Roberto Tizón respóndelle que xa en este momento e na situación actual de equipo, e con independencia da comarcalización, os efectivos do parque cobren escasamente as quendas. D. Juan Manuel Diaz Villoslada reitérase en esperar ao resultado da comarcalización. Ademais, débese ter en conta que en marzo do ano que vén debería de estar aprobada a nova oferta de emprego público para o ano 2008, onde se recollerán, se é necesario, as novas necesidades do Parque.

A continuación, faise entrega do documento do cadro de personal. D. Juan Manuel Diaz Villoslada expón, que respondendo á petición que os representantes sindicais realizaron noutros anos, se recolle no cadro as vacantes existentes en cada praza. Así mesmo, neste cadro xa se recolle os novos grupos de clasificación, tanto a establecida polo Estatuto Básico do Empregado Público como o cambio de grupo na Policía Local. Neste momento, advírtese que existen unha serie de erros nos grupos de clasificación da Policía Local así como a falta de indicación das vacantes en Bombeiros e outras prazas. Así mesmo, D. Roberto Tizón Miguens indica que sería necesario saber a que postos están vinculadas as prazas. D. Ramón Vilas de Escauriaza di que este non é o documento no que debe constar.

Seguidamente abórdase o tema da Convocatoria Específica para a cobertura, por promoción interna, de 20 prazas de administrativos que se remitiron no día de onte aos representantes sindicais. Por parte de D. Carlos Silva Perez pregúntase se no exercicio práctico, para a elaboración do informe, será posible utilizar textos legais, posto que non se fai referencia a iso nas bases. D. Juan Manuel Diaz Villoslada responde que se podería incluír, que sempre se deixa o manexo de textos legais.

En relación co mesmo tema, D. Roberto Tizón pregunta cuales son os postos que están vinculados a estas prazas e se nesos postos están incluídos os referentes á funcionarización. D. Juan Manuel Diaz Villoslada responde que os postos de funcionarización están reservados exclusivamente á mesma e que non se van a ofertar nesta selección de administrativos. De tódolos xeitos, D. Roberto Tizón reitera a necesidade de saber cuales son os postos vinculados a estas prazas de administrativos. Así mesmo, o mesmo representante sindical propón que na promoción interna en xeral se produza unha redución do temario e que non se teña que volver estudar temas que se prepararon no acceso á función pública. Ante esta petición, D^a Obdulia Taboadela contesta que está de acordo con esta e solicita que se revise o temario das bases presentadas, xa que un dos compromisos da Concellaría de Persoal é favorecer canto se poida a promoción interna.

A continuación trátase o punto da orde do día referente á previsión de gastos de persoal e retribucións correspondentes ao exercicio 2008. Faise entrega do documento denominado Anexo de Persoal 2008 onde se recollen todos os datos. D. Juan Manuel Diaz Villoslada explica que no devandito anexo se recollen as retribucións do persoal coas contías vixentes no 2007, mais o incremento do 2% que se establece para as Administracións Públicas, de acordo co proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o 2008.

D. Roberto Tizón Miguens solicita que no Anexo tamén figuren cales son os postos que están vacantes, indicándose os departamentos onde están, porque agora non o saben. D^a Obdulia Taboadela manifesta que no devandito anexo se podería engadir unha columna máis onde se recollerían estes datos.

Finalmente, por parte da Concelleira solicítase a confección dun calendario para poder empezar a tratar temas e traballar sobre estes. Por parte das representacións sindicais fórmulanse os seguintes temas.

- Regulamento de Axudas Economicas e Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Excmo. Concello de A Coruña.
- Procesos de funcionarización e estabilización.
- Regulamento interno para Policía Local, Bombeiros, Banda de Música e demais servizos que poidan necesitar o mesmo.
- Desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público, concretamente en materias como a avaliación do desempeño e a carreira profesional.
- Estudio e análise da produtividade
- Regulamento de Segunda Actividade
- Quendas e calendario de Policía Local.

Por parte de CSI-CSIF, faise entrega dun documento con proposta de temas. Así mesmo, CIG propón que para o estudio dalgúns temas se inicien mesas técnicas onde se desenvolva o traballo e o resultado consensuado se eleve á Mesa Xeral de Negociación.

D^a Obdulia Taboadela propón que a Mesa Xeral de Negociación se reúna os xoves alternos, deixando un descanso de quince días para o estudio e presentación de documentos. Neste senso, dispón que o martes 23 se remitirá aos representantes sindicais as cuestións que se formularon nesta mesa, como o novo temario da promoción interna de administrativos e as correccións que haxa que facer nalgún documento. Así mesmo, convoca á Mesa Xeral de Negociación para o día 31 de outubro, mércores, as 12:00 horas, para empezar a tratar e programar os temas formulados.

Para finalizar éntrase na quenda de rogos e preguntas. D. Juan Manuel Diaz Villoslada explica o calendario a seguir na aplicación do Acordo alcanzado o 8 de outubro de 2007. O Sr. Diaz Villoslada manifesta que na próxima Xunta de Goberno Local do 26 de outubro se aprobará o citado Acordo. En canto á eficacia do mesmo, a nova valoración e o valor novo dos servizos extraordinarios terán efectos dende o 1 de novembro de 2007, intentándose que se realice o

abono das novas contías, na porcentaxe establecida no Acordo, no mes de decembro. En canto ao complemento de produtividade, a súa remuneración iniciárase tamén con efectos 1 de novembro, agora ben o seu abono non podería producir ata a nómina de febreiro. Iso é debido a que o mes de xaneiro sería necesario para a comprobación de datos. Dña Lorena Abad Carrera explica que o control das condicións de abono da produtividade non é sinxelo e dado que é o primeiro pagamento sería conveniente telo ben feito e non andar con deducións posteriores, manifestando o compromiso do Departamento de Persoal de tramitalo coa maior celeridade posible.

D. Juan Manuel Diaz Villoslada tamén explica que a Convocatoria Unitaria e a Oferta de Emprego Público iran á Xunta de Goberno Local do día 26 de outubro. Así mesmo, expón que se o Acordo da Mesa Xeral de Negociación vai ser aprobado pola Xunta de Goberno Local sería necesario que antes do 26 de outubro se presenten os documentos nos termos do Acordo por parte dos 56 bombeiros sancionados.

Por último, D. Roberto Tizón manifesta que habería que estudar o Acordo de Prestación Adicional do S.E.I.S como consecuencia da aprobación do novo valor/hora dos servizos extraordinarios, xa que o valor da prestación se basea no valor da hora extra.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as quince horas e quince minutos, pola Sra. Presidenta levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.